



Contrato de obras Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
Documento CON13I20M	Expediente CON/48/2019	Data Creación: 21-11-19 09:29

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.292,450,36 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de novembro de 2019, ás 9:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: José Javier Fernández Martínez

Vogais: Antonio Ranedo Santillana, xefe do Servizo de Proxectos e Obras
Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe da Sección de Contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	CIF	NOME DO LICITADOR
1	18/11/2019	B36684157	CIVIS GLOBAL, S.L.U
2	18/11/2019	A15139314	DRAGADOS, S.A.
3	18/11/2019	B27802503	NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
4	18/11/2019	B15411705	UTE CLARA CAMPO AMOR SANTIAGO DE COMPOSTELA, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO & ARINES OBRAS Y PROYECTOS
5	19/11/2019	A15013162	UTE CONSTRUCCIONES CERNADAS SL - JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA
6	19/11/2019	A15008485	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A
7	19/11/2019	A81638108	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.
8	19/11/2019	B15618598	CONSTRUCCIONES RAMON VAZQUEZ Y REINO, S.L.
9	19/11/2019	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
10	19/11/2019	A40015851	ALVAC S.A.
11	19/11/2019	B15009533	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos a aportan correctamente cumprimentada.

Non obstante, a empresa ACCIONA, declara dentro dos motivos de exclusión referidos a insolvencia, conflito de intereses ou falta profesional, dúas incidencias en contratos realizados para o *Archivo de Huelva* e o *Metro de Chile*, que non supoñen prohibición de contratar nin obstáculo para participar nesta licitación. A mesa acorda solicitar documentación complementaria e unha análise máis detallado da situación polo departamento de contratación.

Así mesmo, a empresa DRAGADOS, declara ter sido sancionada pola *Comisión nacional de los mercados y la competencia*, non sendo esta sanción firme e estando recurrida en vía contenciosa. Do mesmo xeito, acórdase solicitar documentación complementaria e a análise da situación.


O acordado non supón a paralización da licitación, salvo que o departamento de contratación o considere necesario á vista do actuado, dando conta en todo caso na vindeira reunión desta mesa.

Contrato de obras Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I20M	<i>Expediente</i> CON/48/2019	<i>Data Creación:</i> 21-11-19 09:29

A continuación lévase a cabo a apertura pública dos arquivos electrónicos que conteñen os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor dos distintos licitadores, non resultando ningún tipo de incidencia formal, pospoñéndose o traslado da documentación para a realización do informe valorativo ata o nomeamento do comité de expertos previsto no prego de aplicación.

Ás 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

